

ANEXO

Relación individual de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A) - Escala de arquitectos.

Apelidos e nome	NIF	1ª proba	2ª proba	3ª proba	4ª proba	Méritos	Total
Parajó Calvo, María Elena	36098230-Y	10,40	13,66	Exento	7,750	9,40	41,210
Orgaz López, Susana	32794932-Z	14,60	17,66	Exento	5,625	3,20	41,085
Espada Golpe, José Luis	32655482-J	13,40	19,00	Apto	8,625	0,00	41,025
Ezpeleta Iraizoz, María Amaya	15834392-L	15,80	17,00	Exento	5,500	0,00	38,300
Mosqueira Vidal, María de los Ángeles	32801993-Z	13,80	16,00	Exento	6,625	0,00	36,425
Marras Mosquera, Mónica	76710572-Y	14,60	13,00	Exento	7,250	0,00	34,850
Mariñas Busto, Marta	46914905-B	14,20	11,33	Exento	7,000	0,00	32,530
Riva López, María Belén Da	33324638-F	12,20	13,66	Exento	6,250	0,00	32,110
Tabarez Obenza, Patricia	34971622-F	10,80	15,33	Exento	5,750	0,00	31,880
Soñora Luna, Rosa María	33282550-O	10,40	14,33	Exento	7,000	0,00	31,730
Rodríguez Mantiñán, Remigio Julio	32823367-K	11,60	13,33	Exento	6,375	0,00	31,305
Fandiño Gantes-García, Susana	32817976-N	10,20	14,00	Exento	6,875	0,00	31,075
Mosquera Fueмбуena, Iván Andrés	36343381-R	10,20	14,33	Exento	6,250	0,00	30,780
Vázquez Aguilar, Alberto Manuel	32787012-Q	11,00	14,00	Exento	5,250	0,00	30,250

Resolución do 7 de novembro de 2007, do tribunal IV-A designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 005, do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (oficial 2ª cociña//cociñeiro/a oficial 2ª) pola quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 21 de febreiro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 81, do 27 de abril) e Orde do 19 de febreiro de 2007, pola que se modifica a orde de convocatoria (Diario Oficial de Galicia número 43, do 1 de marzo), pola que se fan públicas as cualificacións do terceiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 7 de novembro de 2007, o Tribunal IV-A designado pola Orde do 4 de xuño de 2007, para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 005, do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (oficial 2ª cociña // cociñeiro/a oficial 2ª) pola quenda de acceso libre, acordou, de conformidade co disposto na dita orde de convocatoria.

Primeiro.-Proceder á corrección dos exames correspondentes ao terceiro exercicio da fase de oposición para o acceso á categoría 005, do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (oficial 2ª cociña // cociñeiro/a oficial 2ª) pola quenda de acceso libre, da que resultan as seguintes cualificacións:

DNI: 33330987-P.

Apelidos e nome: García Navas, Carolina.

Cualificación: non presentada.

DNI: 33810638-V.

Apelidos e nome: Sangil Corral, María Ermitas, Isabel.

Segundo.-Realizar os trámites oportunos para facer públicas estas cualificacións na Escola Galega de Administración Pública (Polígono das Fontiñas - rúa Madrid 2-4, Santiago de Compostela), no taboleiro de

anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Terceiro.-De acordo co disposto nas bases da orde de convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás cualificacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2007.

José Antonio Vieites Quintáns
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 5 de novembro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados específico entre os funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes desta consellería.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, (*Diario Oficial de Galicia* do 27 de abril), regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1, número 2º, deste decreto establece que nos colexios de educación infantil e primaria, e nos colexios de educación primaria, nas condicións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, se creará un departamento de orientación que abranguerá no seu ámbito de actuación, ademais do propio centro, aqueloutros centros incompletos da mesma zona de escolarización. Este departamento estará coordinado por un mestre responsable da

orientación educativa, que exercerá as súas funcións como xefe do dito departamento.

Pola súa parte o artigo 13 do referido decreto establece que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cubrirá o posto de traballo do responsable do departamento de orientación naqueles colexios de educación infantil e primaria ou de educación primaria que se determine, a través dun concurso de méritos específico entre os funcionarios do corpo de mestres. Considérase criterio preferente estar en posesión dunha das seguintes titulacións: doutor ou licenciado en psicopedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía), tal como figura na alínea a) do artigo 4 do dito decreto.

Na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998 autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do que nel se establece.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeira.-Convocar concurso de traslados específico entre os funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de Orientación en colexios públicos de educación infantil e primaria ou de educación primaria.

Segunda.-As prazas que se cubrirán neste concurso son as que aparecen no anexo II desta orde, e as resultas que se poidan producir nos centros que aparecen no anexo III.

Terceira.-Poderán participar, nesta convocatoria:

a) Os funcionarios do corpo de mestres que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto e no Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, transcorresen ao remate deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Así mesmo poderán participar os funcionarios de carreira do corpo de mestres en expectativa de destino nun centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarta.-A solicitude farase a través da internet, empregando o portal educativo no enderezo www.edu.xunta.es/persoalconcursos/primaria. Lémbrase que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es, polo que se urxe a quen non a teña que proceda a solicitala polos medios actuais (solicitude a tra-

vés do secretario do centro actual á U@Cega no 902 90 54 45.

Todos os participantes deberán presentar a solicitude impresa e asinada no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, nas secretaría dos centros docentes ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Debe terse en conta que as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas nas que se poden presentar documentos dirixidos a calquera organismo público, conforme co establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os que aleguen, ademais, estar en posesión dunha das titulacións sinaladas na base décima desta orde, presentarán fotocopia cotexada do título correspondente. Así mesmo, os que aleguen estar habilitados en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe presentarán fotocopia cotexada do certificado da habilitación.

Quinta.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Finalizado este prazo non se admitirá ningún cambio nas súas peticións.

Non obstante a folia de servizos, para efectos de determinar a puntuación dos concursantes, pecharase o 16 de novembro de 2007.

Sexta.-Os asinantes das instancias deberán manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos exixidos na convocatoria, e consignarán os centros que solicitan por orde de preferencia, cos números de código que figuran nos anexos II e III desta orde.

Sétima.-Todas as condicións que se exixen nesta convocatoria e os méritos que aleguen os participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, agás o requisito de dous anos de permanencia no destino definitivo desde o que se solicita, que se contabilizarán o 31 de agosto de 2008.

Oitava.-Non serán tidos en conta os méritos non invocados nas solicitudes, nin tampouco aqueles que non se xustifiquen documentalmente durante o seu prazo de presentación.

Novena.-Poderá ser anulado o destino obtido por calquera concursante que non se axuste ás normas da convocatoria.

Décima.-Dereito preferente.

Os profesores que se acollan ao dereito preferente farano constar nas súas instancias, indicando a causa en que apoian a súa petición.

Para os efectos de adxudicación de prazas só se terá en conta o seguinte dereito preferente:

Terán dereito preferente, a centro ou zona, os funcionarios de carreira do corpo de mestres a que se lles suprimise o seu posto de traballo, sempre que continúen nesa situación e non perdesen o dereito preferente consonte a normativa que regula o concurso de traslados e os mestres desprazados por falta de horario, entendendo por desprazado o mestre que non ten ningunha hora de docencia da súa especialidade, que posúan algunha das seguintes titulacións: doutor ou licenciado en psicopedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía) ou que fosen diplomados nas escolas universitarias de psicoloxía ata 1974.

Cando existan varios mestres que exercen o dereito preferente adxudicarase tendo en conta o establecido para os concursos xerais de traslados.

Décimo primeira.-Para a provisión das prazas que se cubrirán neste concurso, cando non se adxudiquen a través dos méritos preferentes establecidos na base décima, terán prioridade os mestres que posúan algunha das titulacións relacionadas na citada base. No suposto de concorrer máis dun aspirante, dirimíranse pola aplicación do baremo establecido no anexo I.

No caso de se produciren empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das alíneas do baremo establecido no anexo I, pola orde en que aparecen nel. Se persistise o empate atenderase á puntuación obtida nas distintas subalíneas pola orde, igualmente, que aparece no dito baremo. Para estes efectos, deberá terse en conta que, naquelas alíneas ou subalíneas do baremo para as que se estableza unha puntuación máxima, a puntuación outorgada aos concursantes non poderá superala. De resultar necesario, utilizarase sucesivamente como último criterio de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación con que resultou seleccionado.

Décimo segunda.-A baremación dos méritos previstos nas alíneas g.1.5. e g.1.6 alegados polos concursantes faraa a comisión establecida na base décimo primeira do concurso de traslados.

Cada un dos sindicatos pertencentes á mesa sectorial de educación poderá nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión, con voz e sen voto.

A asignación da puntuación que lles corresponda aos concursantes polos restantes puntos do baremo de méritos, levaraa a cabo unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Estas comisións estarán clasificadas na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, DOG do 25 de xuño.

Décimo terceira.-Realizadas as baremacións dos méritos alegados polos concursantes procederase á publicación, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e na páxina web, das puntuacións acadadas polos participantes.

Establecerase un prazo de dez días naturais para reclamar contra estas puntuacións. Rematado o citado prazo, a comisión exporá as rectificacións que procederen.

Contra esta última exposición non cabe reclamación e terá que esperarse a que a Secretaría Xeral faga pública no *Diario Oficial de Galicia* a resolución provisional.

Décimo cuarta.-Os concursantes poderán presentar reclamacións e renuncias á adxudicación provisional, ante a Secretaría Xeral, no prazo de dez días hábiles a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

As persoas que desexen renunciar á súa participación neste concurso deberán realizala aínda no suposto de non obter destino na resolución provisional, xa que de non facelo poderían obter destino na resolución definitiva.

Décimo quinta.-Consideradas, se é o caso, as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a Secretaría Xeral procederá a ditar a resolución definitiva da adxudicación. A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De non publicarse a resolución definitiva no prazo de seis meses desde esta convocatoria, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas.

Décimo sexta.-Os funcionarios do corpo de mestres que acaden destino neste concurso exercerán a xefatura do departamento de orientación con carácter definitivo.

Décimo sétima.-Os mestres que resulten adscritos ás xefaturas dos departamentos de orientación dos colexios de educación infantil e primaria e dos colexios de educación primaria están obrigados a desprazarse aos centros que se lles adscriban, conforme o establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril.

Décimo oitava.-Nos colexios públicos de educación infantil e primaria e nos de educación primaria nos

cales a praza de xefatura do departamento de orientación sexa provista na resolución desta convocatoria, constituirase o departamento de orientación que terá a composición establecida no artigo 4º do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os mestres que estean participando simultaneamente nesta convocatoria e na realizada pola Orde do 31 de outubro de 2007, pola que se convoca concurso de traslados de ámbito autonómico entre funcionarios do corpo de mestres, e que obteñan praza definitiva da xefatura do departamento de orientación, entenderase que renuncian á participación no concurso de ámbito autonómico.

Segunda.-Contra esta orde poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos prazos e forma establecidos na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Os participantes nos concursos xerais de traslados a partir do ano 2004/2005 que estean participando no convocado pola Orde do 31 de outubro de 2007 e participen nesta convocatoria están exentos da presentación dos méritos xa xustificados, agás os correspondentes á alínea H do anexo I desta orde, que si deberán xustificarse.

Así mesmo, os participantes nos concursos de traslados específicos para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación a partir do ano 2004/2005 que dean por boa a puntuación asignada nas alíneas E, F, G e H do dito concurso, non precisan achegar nova acreditación de méritos, agás que con posterioridade ao prazo de presentación de instancias do referido concurso acrediten novos méritos, debendo en ambos os dous supostos sinalalo en folla á parte.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Baremo

Documentación xustificativa

A) Tempo de permanencia ininterrompida como funcionario de carreira con destino definitivo no centro desde o que participa. Polo primeiro, segundo e terceiro ano: 1 punto por ano. Polo cuarto ano: 2 puntos. Polo quinto ano: 3 puntos. Polo sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo: 4 puntos por ano. Polo décimo primeiro e seguintes: 2 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse da seguinte maneira: fracción de 6 meses ou superior, como un ano completo. Fracción inferior a 6 meses, non se computa. Para os mestres con destino definitivo nun posto de traballo docente de carácter singular, a puntuación desta alínea virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida no posto desde o que o solicita. Para os mestres en adscripción temporal a centros públicos españois no estranxeiro ou á función de inspección educativa ou en supostos análogos, a puntuación desta alínea virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na dita adscripción. B) Tempo de permanencia ininterrompida con destino definitivo en centro ou posto singular desde o que se solicita cando fosen catalogados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente. Polo primeiro, segundo e terceiro ano: 0,50 puntos por ano. Polo cuarto ano: 1 punto. Polo quinto ano: 1,50 puntos. Polo sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo: 2 puntos por ano. Polo décimo primeiro e seguintes: 1 punto por ano. As fraccións de ano computaranse do seguinte xeito: Fracción de 6 meses ou superior, como un ano completo. Fracción inferior a 6 meses, non se computa. Non se computarán para estes efectos o tempo que se permaneceu fóra do centro en situación de servizos especiais, comisión de servizos, en licencia por estudos ou situacións análogas. C) Tempo transcorrido en situación de provisionalidade polos funcionarios de carreira que nunca obtiveron destino definitivo. 1 punto por ano de servizos ata que obteñan a propiedade definitiva. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo. Os servizos desta clase prestados en centros ou postos clasificados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente, darán dereito, ademais, á puntuación establecida na alínea B).	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela na cal teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo a delegación provincial certificará de oficio estes servizos. Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela na cal teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo a delegación provincial certificará de oficio estes servizos. Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela na cal teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo a delegación provincial certificará de oficio estes servizos.
D) Anos de servizo activo como funcionarios de carreira no corpo de mestres. 1 punto por cada ano de servizo. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo. E) Cursos de perfeccionamento organizados polas administracións públicas educativas competentes e, se é o caso, as homologacións ou equivalencias que procedan. E.1.-Cursos impartidos: por participar, en calidade de relator, profesor ou dirixir, coordinar ou exercer como titor de cursos de formación permanente (entendidos nas súas distintas modalidades: grupos de traballo, seminarios, grupos de formación en centros, cursos, etc.) convocados polos órganos centrais ou periféricos das administracións con competencias ou realizados por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos por estas mesmas administracións, así como os convocados polas universidades.	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela na cal teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo a delegación provincial certificará de oficio estes servizos. Copia cotexada do documento acreditativo.

0,10 puntos por cada 10 horas acreditadas ata un máximo de 1 punto. E.2.-Cursos superados: pola asistencia a cursos de formación do profesorado (entendidos como se sinala no punto anterior), convocados polos órganos centrais ou periféricos das administracións con competencias ou realizados por institucións sen ánimo de lucro e que fosen homologados ou recoñecidos por estas mesmas administracións, así como os convocados polas universidades. 0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados, ata un máximo de 2 puntos. Nestas sublíneas só se tomarán en consideración os cursos que versen sobre especialidades propias do corpo de mestres ou sobre aspectos científicos, didácticos ou de organización relacionados con actividades propias deste. Cando os cursos veñan expresados en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. E.3.-Por cada especialidade do corpo de mestres distinta á de ingreso nel, adquirida a través dos procedementos previstos no Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, e no Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, de adquisición de novas especialidades: 0,50 puntos por cada nova especialidade. Por esta alínea E) pódese outorgar ata un máximo de 3,50 puntos. F) Titulacións académicas distintas ás alegadas para o ingreso no corpo de mestres. F.1.-Por posuír o título de doutor: 2,50 puntos. F.2.-Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,50 puntos. F.3.-Titulacións de primeiro ciclo: por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ou polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,50 puntos. Por esta alínea F) pódese outorgar ata un máximo de 3 puntos. Unicamente se terán en conta, para os efectos da súa valoración, os títulos con validez oficial no Estado español. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.	Copia cotexada do documento acreditativo. Copia cotexada do documento acreditativo. Copia cotexada do título ou certificacións académicas cando se trate de cursos superados. Para obter puntuación polas titulacións universitarias de carácter oficial haberá que presentar fotocopia cotexada do título de mestre alegado para o ingreso no corpo e cantos outros presente como mérito.
G) Outros méritos. G.1. Valoración do traballo desempeñado. Publicacións. Titulacións de réxime especial. Polas subalíneas g1.1., g1.2., g1.3 e g1.4 só se valorará o desempeño como funcionarios de carreira.	Ata un máximo de 10 puntos.
G.1.1.-Director/a en centros públicos, centros de formación continuada do profesorado ou centros de recursos: 1,50 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,125 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento e cesamento expedidos pola delegación provincial correspondente. Serán puntuados nomeamentos cando neles consten cursos escolares para os que se foi nomeado, aínda que non conste a data de cesamento.
G.1.2.-Vicedirector/subdirector, secretario/a e xefe/a de estudos en centros públicos docentes: 1 punto por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento e cesamento expedidos pola delegación provincial correspondente. Serán puntuados nomeamentos cando neles consten cursos escolares para os que se foi nomeado, aínda que non conste a data de cesamento.
G.1.3.-Xefe de seminario/departamento, coordinador/a de ciclo, de departamento, de equipo de normalización lingüística, de actividades extraescolares e complementarias, asesor nas estruturas de formación permanente, asesor no SIEGA ou responsable en centros de menos de 3 unidades: 0,50 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,041 puntos por cada mes completo. Por estas tres subalíneas só se valorarán os cargos desempeñados como funcionario de carreira. Cando se produza o desempeño simultáneo de cargos non poderá acumularse a puntuación.	Certificación expedida polo director do centro co visto e prace do inspector de educación da zona, agás no caso dos asesores nas estruturas de formación permanente, no SIEGA e como responsable en centros de menos de tres unidades que deberán presentar nomeamento expedido pola delegación provincial correspondente ou órgano do cal dependan.
G.1.4.-Por desempeño de postos na Administración educativa de nivel de complemento igual ou superior ao asignado ao corpo de mestres: 1,50 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,125 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento.
G.1.5.-Por publicacións de carácter didáctico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionados con aspectos xerais ou transversais do currículo ou coa organización escolar. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas. No caso de publicacións que só se presenten en formato electrónico, xuntarse un informe oficial no cal, o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final. Ata 1 punto.	Os exemplares correspondentes.
G.1.6.-Por publicacións de carácter científico e proxectos e innovacións técnicas sobre as disciplinas obxecto do concurso. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas. No caso de publicacións que só se presenten en formato electrónico, xuntarse un informe oficial no que, o organismo emisor, certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final. Ata 1 punto.	Os exemplares correspondentes.

Unha publicación só poderá puntuarse por unha das alíneas anteriores. Aquelas publicacións que estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas. Enténdense incluídas as publicacións en revistas e en soportes informáticos.	
G.1.7.-Titulacións de ensinanzas de réxime especial. As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas por escolas oficiais de idiomas e conservatorios de música e danza valoraranse da forma seguinte: Música e danza: Grao medio: 0,50 puntos. Ensinanza de idiomas: Ciclo elemental: 0,50 puntos. Ciclo superior : 0,50 puntos. A posesión do certificado de aptitude da Escola Oficial de Idiomas engloba os dous ciclos.	Fotocopia compulsada de cantos títulos sexan alegados ou certificación acreditativa de ter feitos os estudos conducentes á súa obtención.
H.-Outros méritos relacionados co posto: -Por ter a habilitación/especialización en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe: 2 puntos. -Coordinación de departamentos de orientación nun centro: 2 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo. -Por cada ano de servizo na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe:1 punto. -Años de servizo activo nos EPSA: 2 puntos por ano.	Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos. Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos. Nomeamento e cesamento correspondentes. Nomeamento e cesamento correspondentes.

ANEXO II

Vacantes

Código	Nome do centro	Concello	Localidade	Comparte con
15032649	EEI de Milladoiro	Ames	Biduído	
15032625	CEIP Agro do Muíño	Ames	Ortoño	
15002025	CEIP Eladia Mariño	Cabanas	San Martiño de Porto	CEIP de Andrade-Pontedeume
15005518	CEIP María Pita	A Coruña	A Coruña	
15020982	CEIP O Ramo	Fene	Barallobre	CEIP Os Casais-Fene
15026960	CEIP de Ponzos	Ferrol	Ferrol	CEIP de Esteiro-Ferrol
15021834	CEIP Manuel Masdías	Ferrol	Ferrol	CEIP Pazos-Ferrol
15025256	CEIP Alfredo Brañas	A Laracha	Lestón	
15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	Antes	CEIP Pino de Val
15009445	CEIP Unión Mugardesa	Mugardos	Mugardos	CEIP Santiago Apóstol-Mugardos
15010307	CEIP San Isidro	Neda	Neda	CEIP de Mancíneira
15010575	CEIP O Coto	Negreira	Negreira	
15026194	CEIP A Fraga	As Pontes de García Rodríguez	As Pontes de García Rodríguez	CEIP Mosteiro de Caaveiro-A Capela
15014261	CEIP de Aguiño	Ribeira	Aguiño	CEIP de Frións
15015998	CEIP Ramón Cabanillas	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	CEIP Colegiata do Sar
15019372	CEIP San Vicenzo	Vimianzo	Vimianzo	
27000010	CEIP Aquilino Iglesia Alvariño	Abadín	Abadín	
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Cervo	
27006735	CEIP de Meira	Meira	Meira	
27010891	CEIP Gregorio Sanz	Ribadeo	Ribadeo	
27015827	CEIP Terra Chá	Vilalba	Román	
27013387	CEIP Antonio Pedrosa Latas	Viveiro	Celeiro	
32020781	CEIP de Valenzá	Barbadás	Valenzá	
32002122	CEIP Nosa Señora de Xuencos	Boborás	Xuencos	
32015906	CEIP Pena Corneira	Carballada de Avia	Carballada de Avia	
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense	CEIP Manuel Sueiro
32008173	CEIP de Ombra	Ombra	Ombra	
32016029	CEIP Ben-Cho-Shey	O Pereiro de Aguiar	Santa Marta de Moreiras	
32011135	CEIP Rogelio García Yáñez	Ramirás	Freás de Eiras	
32014151	CEIP de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	
36000031	CEIP Antonio Carpintero	Arbo	Arbo	CEIP de Crecente
36000879	CEIP de Cangas	Cangas	Cangas	CEIP de Espiñeira-Aldán
36018975	CEIP A Rúa	Cangas	Coiro	CEIP do Hío
36001665	CEIP de Tenorio	Cotobade	Tenorio	CEIP de Carballado
36001690	CEIP Antonio Blanco Rodríguez	Covelo	Covelo	
36003807	CEIP Rosalía de Castro	O Grove	O Grove	
36004149	CEIP Xoaquín Loriga	Lalín	Prado	

Código	Nome do centro	Concello	Localidade	Comparte con
36014611	CEIP A Lama	A Lama	Pedreira	CEIP Dr. Suárez-Fornelos de Montes, e CEIP A Reigosa-Ponte Caldelas
36007060	CEP de Chancelas	Poio	Combarro	CEP de Espedregada
36016942	CEIP de Santiago de Oliveira	Ponteareas	Oliveira	CRA da Picaraña-Ponteareas
36024173	CRA María Zambrano	O Rosal	Pías	
36024318	CRA Rafña Aragonta	Salceda de Caselas	Santa María de Salceda	
36019104	CEIP Nantes-Contomil	Sanxenxo	Nantes	CEIP de Noalla-Sanxenxo
36015238	CEIP de Sobrada	Tomiño	Sobrada	CEIP de Tebra-Tomiño
36015020	CEIP de Randufe	Tui	Randufe	CEIP Pazos de Reis-Tui
36024112	CRA Mestra Clara Torres	Tui	Tui	
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	Bembrive	
36015810	CEIP Sobreira-Valadares	Vigo	Valadares	CEIP Josefa Alonso de Alonso
36010629	CEIP Vicente Risco	Vigo	Vigo	CEP Caixanova
36014799	EEI Vila Laura	Vigo	Vigo	
36015068	CEIP Balaídos	Vigo	Vigo	
36016991	CEP de Riomaior	Vilaboa	Santa Cristina de Cobres	CRA de Vilaboa
36016772	CEE de Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	Deiro	CEIP San Roque Caleiro

ANEXO III

Posibles resultas

Código	Nome do centro	Concello	Localidade
15000016	CEIP San Marcos	Abegondo	Abegondo
15025220	CEIP de Ventín	Ames	Biduído
15000107	CEIP Bispo Guerra Campos	Ames	Ortoño
15000569	CEIP San Xosé Obreiro	Arteixo	Meicende
15023041	CEIP de Galán	Arteixo	Oseiro
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	Arzúa
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	Betanzos
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	Boiro
15023341	CEIP Santa María do Castro	Boiro	Cabo de Cruz
15001847	CEIP de Pedrouzos	Brión	Brión
15002050	CEIP O Areal	Camarinañas	Camarinañas
15002086	CEIP de Ponte do Porto	Camarinañas	Ponte do Porto
15002165	CEIP Wenceslao Fernández Flórez	Cambre	Cambre
15023053	CEIP Porto Faro	Cambre	O Temple
15002578	CEIP Fogar	Carballo	Carballo
15011661	CEIP Manuel Fraga Iribarne	Cariño	Cariño
15002761	CEIP de Carnota	Carnota	Carnota
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	Cedeira
15003248	CEIP Eugenio López	Cee	Escabanas
15019323	CEIP Alborada	A Coruña	A Coruña
15027241	CEIP Juan Fernández Latorre	A Coruña	A Coruña
15024902	CEIP Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	A Coruña
15025025	CEIP San Francisco Javier	A Coruña	A Coruña
15019311	CEIP María Barbeito e Cervino	A Coruña	A Coruña
15005701	CEIP San Pedro de Visma	A Coruña	A Coruña
15005521	CEIP Ramón de la Sagra	A Coruña	A Coruña
15021627	CEIP Emilia Pardo Bazán	A Coruña	A Coruña
15021536	CEIP Víctor López Seoane	A Coruña	A Coruña
15021792	CEIP Salgado Torres	A Coruña	A Coruña
15005014	CEIP Raquel Camacho	A Coruña	A Coruña
15005026	CEIP Sanjurjo de Carricarte	A Coruña	A Coruña
15025037	CEIP Sagrada Familia	A Coruña	A Coruña

Código	Nome do centro	Concello	Localidade
15005828	CEIP de Tarrío	Culleredo	Culleredo
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo	Rutis
15005932	CEIP de Curtis	Curtis	Lurdes
15022981	CEIP de Centieiras	Fene	Perlío
15021846	CEIP San Xoán de Filgueira	Ferrol	Ferrol
15006699	CEIP Ibáñez Martín	Ferrol	Ferrol
15006663	CEIP Cruceiro de Canido	Ferrol	Ferrol
15006845	CEIP Isaac Peral	Ferrol	Ferrol
15007242	CEIP Mar de Fóra	Fisterra	Fisterra
15007886	CEIP Ramón Otero Pedrayo	A Laracha	Torás
15008805	CEIP de Melide Nº 1	Melide	Melide
15009810	CEIP Ricardo Tobío	Muros	Esteiro
15009998	CEP Ramón de Artaza y Malvárez	Muros	Serres
15026111	CRA de Narón	Narón	San Xiao
15023740	CEIP A Solaina	Narón	Santa Icíá
15022310	CEIP A Gándara	Narón	Xubia
15025670	CEIP Isidro Parga Pondal	Oleiros	Liáns
15011026	CEIP de Rabadeira	Oleiros	Oleiros
15025050	CEIP Ramón María del Valle-Inclán	Oleiros	Perillo
15023089	CEIP Luís Seoane	Oleiros	Serantes
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	Ordes
15025487	CEIP Campomaíor	Ordes	Ordes
15011567	CEIP de Sigüeiro	Oroso	Oroso
15011981	CEIP José María Lage	Ortigueira	Ortigueira
15012262	CEIP da Serra de Outes	Outes	Outes
15012717	CEIP Rosalía de Castro	Padrón	Padrón
15012742	CEIP Flavia	Padrón	Padrón
15013199	CEP Salustiano Rey Eiras	A Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal
15013503	CEIP Couceiro Freijomil	Pontedeume	Pontedeume
15027551	CRA de Rianxo	Rianxo	Asados
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	Rianxo
15014465	CEIP de Palmeira	Ribeira	Palmeira
15014544	CEIP O Grupo	Ribeira	Santa Uxía de Ribeira
15014829	CEIP Pedro Barrié de la Maza	Sada	Quintán -

Código	Nome do centro	Concello	Localidade	Código	Nome do centro	Concello	Localidade
15015238	CEIP Barrié de la Maza	Santa Comba	Mondego Santa Comba	36000181	CEIP Amor Ruibal	Barro	Perdecanaí
15016085	CEIP Arquitecto Casas Novoa	Santiago de Compostela	Enfesta, A	36000326	CEIP Montemogos	Bueu	Beluso
15027745	CEE A Barcia	Santiago de Compostela	Laraño	36000341	CEIP A Pedra	Bueu	Bueu
15024975	CEIP Pío XII	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	36015093	CEIP San Tomé	Cambados	Cambados
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	36000478	CEP Antonio Magariños Pastoriza	Cambados	Cambados
15019359	CEIP Monte dos Postes	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	36000508	CEIP de Castrelo	Cambados	Castrelo
15027332	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	36000934	CEIP do Castrillón-Coiro	Cangas	Coiro
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	36001033	CEIP de San Roque de Darbo	Cangas	Darbo
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	Compostela Vilvestro	36002347	CEIP Pérez Viondi	A Estrada	A Estrada
15025724	CEIP Os Tilos	Teo	Cacheiras	36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	A Estrada
15017041	CEIP A Igrexa-Calo	Teo	Calo	36002773	CEIP do Foxo	A Estrada	Rubín
15026169	CRA de Teo	Teo	Calo	36003662	CEIP Chano Piñeiro	Gondomar	Mañufe
27002584	CEIP Virxe do Carme	Burela	Burela	36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	Peititeiros
27001440	CEIP Xosé Luis Taboada	Carballedo	Lousada	36015135	CEIP A Sangriña	A Guarda	Salcidos
27003126	CEIP Xoán de Requeixo	Chantada	Chantada	36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	Lalín
27016391	CEIP O Cantel	Foz	Foz	36004484	CEIP da Laxe	Marín	Marín
27005020	CEIP Lagostelle	Guitiriz	Lagostelle	36004472	CEIP do Carballal	Marín	Marín
27006000	CEIP Juan Rey	Lourenzá	Lourenzá	36004496	CEIP de Sequelo-Marín	Marín	Marín
27016467	CEIP Menéndez y Pelayo	Lugo	Lugo	36004681	CEIP de Seixo	Marín	Seixo
27013673	CEIP de Casas	Lugo	Lugo	36004733	CEIP de Reibón	Moaña	Meira
27014665	CEIP Luís Pimentel	Lugo	Lugo	36013552	CEIP de Seara	Moaña	Meira
27006401	CEIP Sagrado Corazón	Lugo	Lugo	36016619	CEIP de Atín-Cela	Mos	Cela
27006292	CEIP Virxe da Soidade	Lugo	Lugo	36005245	CEIP Mestre Martínez Alonso	Mos	Mos
27014793	CEIP Paradaí	Lugo	Lugo	36013564	CEIP Pena de Francia	Mos	Tameiga
27006449	CEIP Rosalía de Castro	Lugo	Lugo	36005555	CEIP Marquesa do Pazo da Mercé	As Neves	As Neves
27006371	CEIP Anexa	Lugo	Lugo	36005774	CEIP Humberto Juanes	Nigrán	Nigrán
27014057	CEE Santa María	Lugo	Lugo	36007591	CEIP Manuel Cordo Boullosa	Ponte Caldelas	Ponte Caldelas
27006954	CEIP Álvaro Cunqueiro Mora	Mondoñedo	Mondoñedo	36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	Ponteareas	Ponteareas
27014860	CEIP A Gándara	Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	36007497	CEIP Nosa Señora dos Remedios	Ponteareas	Ponteareas
27010325	CEIP da Pontenova	A Pontenova	A Pontenova	36006122	CEIP A Xunqueira Nº 1	Pontevedra	Pontevedra
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	Quiroga	36019611	CEIP Marcos da Portela	Pontevedra	Pontevedra
27012012	CEIP Frei Luís de Granada	Sarria	Sarria	36006420	CEIP Campolongo	Pontevedra	Pontevedra
27012826	CEIP Santa María do Valadouro	O Valadouro	Ferreira	36017661	CEIP Praza de Barcelos	Pontevedra	Pontevedra
27013296	CEIP Manuel Mato Vizoso	Vilalba	Vilalba	36015172	CEP A Xunqueira Nº 2	Pontevedra	Pontevedra
27013338	CEIP Antonio Insua Bermúdez	Vilalba	Vilalba	36006353	CEIP de Vilaverde-Mourente	Pontevedra	Pontevedra
27016674	CEP Luis Tobío	Viveiro	Viveiro	36006377	CEIP Álvarez Limeses	Pontevedra	Pontevedra
32000058	CEIP Padre Feijoo	Allariz	Allariz	36016929	CEIP da Cruz-Budiño	O Porriño	Budiño
32016789	CEIP Filomena Dato	Barbadás	Valenzá	36017715	CEIP Antonio Palacios	O Porriño	Torneiros
32015116	CEIP Condesa de Fenosa	O Barco de Valdeorras	O Barco de Valdeorras	36007643	CEIP Outeiro das Penas	Redondela	Cesantes
32002951	CEIP Calvo Sotelo	O Carballiño	O Carballiño	36007709	CEIP de Santo Paio de Abaixo	Redondela	Reboreda
32003771	CEIP Curros Enríquez	Celanova	Celanova	36007710	CEP de Redondela	Redondela	Redondela
32008811	CEIP Virxe de Covadonga	Ourense	Ourense	36008489	CEP de Altamira	Salceda de Caselas	Salceda de Caselas
32016327	CEIP A Ponte	Ourense	Ourense	36008805	CEIP de Portonovo	Sanxenxo	Adina
32008793	CEIP Manuel Luis Acuña	Ourense	Ourense	36008866	CEIP A Florida	Sanxenxo	Padriñán
32008771	CEIP de Práct. da E.U. Form. Profes. EXB	Ourense	Ourense	36008878	CEIP Cruceiro	Sanxenxo	Vilalonga
32008801	CEIP Irmáns Villar	Ourense	Ourense	36009135	CEIP de Silleda	Silleda	Silleda
32015669	CEIP Mestre Vide	Ourense	Ourense	36024045	CRA Mestre Manuel Garcés	Tomiño	Seixo
32008768	CEIP O Couto	Ourense	Ourense	36009524	CEP Pedro Caselles Beltrán	Tomiño	Tomiño
32009301	CEIP de Seixalbo	Ourense	Seixalbo	36009974	CEIP de Coutada-Beadé	Vigo	Beadé
32011755	CEIP Manuel Respino	A Rúa	A Rúa de Valdeorras	36015032	CEIP de Chans-Bembrive	Vigo	Bembrive
32015797	CEIP Amaro Refojo	Verín	Verín	36015354	CEIP da Carrasqueira	Vigo	Coruxo
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	Xinzo de Limia	36010228	CEIP A Paz	Vigo	Coruxo
36003480	CEIP de Agolada	Agolada	Ferreiroa	36009962	CEIP Otero Pedrayo	Vigo	Matamá
				36010472	CEIP Ría de Vigo	Vigo	Oia
				36010666	CEIP San Salvador	Vigo	Teis
				36010691	CEP Igrexa-Valadares	Vigo	Valadares
				36010162	CEIP A Canicouva	Vigo	Vigo

Código	Nome do centro	Concello	Localidade
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Vigo
36010538	CEIP Lope de Vega	Vigo	Vigo
36010009	CEIP Virxe do Rocío	Vigo	Vigo
36010708	CEIP Emilia Pardo Bazán	Vigo	Vigo
36010711	CEP Dr. Fleming	Vigo	Vigo
36015627	CEIP García Barbón	Vigo	Vigo
36010721	CEIP Ramón y Cajal	Vigo	Vigo
36015251	CEIP Frián-Teis	Vigo	Vigo
36015366	CEIP O Pombal	Vigo	Vigo
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Vigo
36018185	CEIP Pintor Laxeiro	Vigo	Vigo
36012584	CEIP Rosalía de Castro	Vilagarcía de Arousa	O Carril
36012742	CEIP Número 2 Vilaxoán	Vilagarcía de Arousa	Sobrán
36012419	CEIP Arealonga	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36015652	CEIP O Piñeiriño	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36015792	CEIP Xulio Camba	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Anuncio do 16 de outubro de 2007, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, polo que se proceda a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se convoca, para vinculación temporal, mediante nomeamento de substitución en praza reservada, dunha praza de facultativo especialista de área en pediatría.

Advertido erro no devandito anuncio, publicado no DOG nº 218, do luns, 12 de novembro de 2007, cómpre facer a oportuna corrección:

Na sinatura da páxina 18.092, onde di: «Jesús Caramés Bouzán, Xerente xeral do Servizo Galego de Saúde», debe dicir: «Jesús Cramés Bouzán, Xerente xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela».

Anuncio do 30 de outubro de 2007, da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefe de grupo adscrito á Secretaría da Dirección de Xestión e Servizos Xerais na Xerencia de Atención Primaria de Lugo.

Convocada a provisión polo sistema de libre designación dun posto de traballo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Lugo, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provi-

sión de prazas de persoal estatutario, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a Xerencia, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e a Orde do 8 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve adxudicarlle o posto convocado á persoa que se indica no anexo desta resolución.

Lugo, 30 de outubro de 2007.

Josefa Díaz Otero
Directora xerente da Xerencia de Atención
Primaria de Lugo

ANEXO

Posto de traballo: xefe de grupo adscrito á Secretaría da Dirección de Xestión e Servizos Xerais.

Nome e apelidos: José A. Freijo Andión.

DNI: 11399816-G.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 18 de outubro de 2007 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios (en diante RDCA), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia.

Esta reitoría resolveu convocar concurso para a praza que figura no anexo I desta resolución, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

1. Normas xerais.

Este concurso rexeráse pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os estatutos da Universidade de Vigo e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

2. Requisitos dos candidatos.

2.1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nesta base na data de finalización